

I D e A S

Igualdade e Diversidade Afectivo Sexual

Certame de microrrelatos 25 de novembro Día internacional pola eliminación da violencia de xénero

Microrrelato gañador na categoría "Alumnado de 1º e 2º"

Seis da mañá, soa o espertador, érgome, limpo a casa, aséome, e dan as oito. Preparo o almorzo, esperto os nenos, lévoos á escola e vou traballar. Volvo á casa, fago a comida e chega Cibrán con eles. Cibrán déitase no sofá e eu recollo a mesa. Remato de limpar e sento.

Inmediatamente, Cibrán berra:

-Aldara! érguete e vai comprarme tabaco.

-Vai ti.

-Que dixeches?-Érguese e achégase a min.

-Que vaias ti, non son a túa escrava.-Estámpame a man na cara.

Nese momento, tropezo coa alfombra, e caio contra o recanto da mesa. De súpeto todo é escuro.

Sandra Prieto Couto 2º D